

*Orde do 26 de decembro de 2003 pola que se anuncian cursos básicos e medios de linguaxe administrativa galega para o persoal das administracións públicas de Galicia.*

A Lei 3/1983, de normalización lingüística, recollendo o que dispoñen a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia, establece que o galego é lingua oficial en Galicia. En consonancia con isto, recoñécelles ós cidadáns o dereito de usalo, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración pública no ámbito territorial da Comunidade Autónoma. Ademais, para facer efectivo ese dereito, mándalles ós poderes públicos autonómicos que vaian capacitando, progresivamente, no uso do galego ó persoal que traballa ó servicio da Administración pública e das empresas de carácter público en Galicia.

Entre as funcións e competencias da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, determinadas polo Decreto 213/1998, figura a promoción e o ensino da lingua galega, concretados, ademais de noutros campos, na coordinación de cursos de formación de lingua galega dirixidos, entre outros colectivos, ós funcionarios públicos. A capacitación lingüística en galego do persoal ó servicio das administracións públicas de Galicia tamén é un dos fins da Escola Galega de Administración Pública, segundo o establece a Lei 10/1989.

Por todo isto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

### DISPÓN:

#### Artigo 1º

1. Anúncianse, en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública, 29 cursos (básicos/medios) de linguaxe administrativa galega que se van realizar nas provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

A distribución dos tipos de cursos (básico/medio) e das edicións de cada un dependerá do número de solicitudes que se realice para cada provincia. O número de prazas por curso oscilará entre 35 como máximo e 20 como mínimo.

Os cursos impartiranse en dúas quendas: a primeira comezará en febreiro/marzo, en horario das 17,00 ás 20,00 horas, e a segunda en setembro/outubro, coa mesma distribución horaria.

2. O gasto ocasionado pola celebración destes cursos financiarase con cargo á partida orzamentaria 07.06.353E.640.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2004, actualmente en trámite parlamentario, por unha contía máxima de 86.260 € (oitenta e seis mil douscentos sesenta euros) e estará sometido á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e sufi-

ciente, tal e como se establece na Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gastos, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001.

3. As retribucións correspondentes son as establecidas no Decreto 202/2002, do 6 de xuño (DOG do 17 de xuño).

#### Artigo 2º

Os cursos van dirixidos ó persoal que realiza funcións administrativas nas diferentes administracións públicas de Galicia. Reservarase o 75% das prazas para o persoal da Administración autonómica galega.

#### Artigo 3º

1. As solicitudes, utilizando o modelo de instancia que figura como anexo a esta orde, presentaranse no rexistro da Escola Galega de Administración Pública, rúa de Madrid, 2-4, 15707 Santiago de Compostela, nos gabinetes de normalización das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou en calquera das dependencias ás que se refire o artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Poderase presentar unha única solicitude para as dúas quendas. No caso de que un candidato non sexa seleccionado para a primeira quenda, a solicitude terase en conta tamén para a segunda. Só se deberá indica-lo horario na solicitude, cando non se poida participar noutro distinto.

3. Os que aspiren a participar no curso básico de linguaxe administrativa engadiranlle ó modelo de solicitude unha copia compulsada da certificación que acredite que teñen superado ou validado o curso de iniciación de lingua galega.

4. Os que aspiren a participar no curso medio de linguaxe administrativa engadiranlle ó modelo de solicitude unha copia compulsada da certificación que acredite que teñen superado ou validado o curso básico de linguaxe administrativa galega ou o de perfeccionamento de lingua galega.

5. O prazo de presentación das solicitudes será:

-Para os cursos que se inicien nos meses de febreiro/marzo, de vinte días naturais, contados a partir do seguinte ó da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

-Para os cursos que comecen en setembro/outubro, ata o 1 de setembro. Os solicitantes que non foran seleccionados na primeira quenda, non precisan presentar unha nova solicitude para participar na selección da segunda.

#### Artigo 4º

1. Os criterios de selección, de conformidade co establecido nas letras c) e d) do epígrafe C) da reso-

lución da Escola Galega de Administración Pública do 27 de xuño de 1994, modificada pola Resolución do 5 de xaneiro de 2001 (DOG nº 14, do 19 de xaneiro), serán os seguintes:

a) Para os cursos básicos de linguaxe administrativa galega, e por esta orde:

1º A antigüidade na finalización do curso de iniciación á lingua galega. No caso de que na certificación de validación do curso de iniciación de lingua galega non figure a data exacta de remate, terase en conta a data de expedición da certificación.

2º O menor número de cursos realizados en escolas ou institutos de Administración pública.

3º A antigüidade na Administración.

Quedarán excluídas aquelas persoas que estean en posesión da certificación de perfeccionamento de lingua galega ou de calquera dos certificados equivalentes, segundo o establecido na orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 11 de novembro de 1998, pola que se declaran as equivalencias entre os distintos cursos e probas de lingua galega (DOG nº 240, do 14 de decembro).

b) Para os cursos medios de linguaxe administrativa galega, e por esta orde:

1º A antigüidade na finalización do curso básico de linguaxe administrativa galega ou o de perfeccionamento de lingua galega. No caso de que na certificación de validación do curso de perfeccionamento de lingua galega non figure a data exacta de terminación, terase en conta a data de expedición da certificación.

2º O menor número de cursos realizados en escolas ou institutos de Administración pública.

3º A antigüidade na Administración.

Quedarán excluídas aquelas persoas que estean en posesión da certificación ou diploma dos cursos equivalentes (de linguaxe administrativa, cursos de linguaxe xurídica galega e cursos de linguaxe xurídica galega para asesores xurídicos da Xunta de Galicia) expedidos pola Escola Galega de Administración Pública, ou homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ou por calquera dos certificados ós que se refire o artigo 3 da orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 11 de novembro de 1998.

2. As listas de seleccionados para participaren nos cursos faranse públicas nos taboleiros de anuncios da Escola Galega de Administración Pública, da Oficina de Información Administrativa e Atención ó Cidadán da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública e nas delegacións provinciais desa mesma consellería.

3. A data exacta de comezo notificaráselles directamente ós seleccionados.

4. Os cursos que se celebren en Santiago de Compostela impartiranse nos locais da Escola Galega de Administración Pública. Os das demais localidades especificadas no artigo 1º impartiranse nos lugares que determine o gabinete de normalización lingüística de cada delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

5. Sobre a admisión de solicitudes resolverá a Escola Galega de Administración Pública. Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

De non recaer resolución expresa no prazo de seis meses, que se contarán desde a publicación desta convocatoria no DOG, as solicitudes entenderanse desestimadas.

#### Artigo 5º

1. Os cursos terán unha duración de 75 horas.

2. A asistencia ás clases é obrigatoria. A ausencia de cada un dos asistentes non poderá ser superior ó 10% da duración total do curso.

3. A avaliación que se efectúe nestes cursos deberá responder ós principios de progresiva e continua, e terá en conta, entre outros elementos, o dominio da materia, o traballo diario na aula, os traballos teóricos e prácticos e a asistencia. Ó remate de cada curso, ós asistentes que superaron as distintas fases da avaliación outorgaráselles un certificado coa cualificación de apto.

#### Artigo 6º

Tódalas actividades que se realicen nestes cursos faranse en galego e ateranse, no tocante á normativa e ó uso correcto do idioma (tal e como determina a disposición adicional da Lei 3/1983, de normalización lingüística), ó establecido pola Real Academia Galega.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase o director xeral de Política Lingüística para dicta-las instrucións que sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2003.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación  
e Ordenación Universitaria

ANEXO



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN**  
**E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

PROCEDEMENTO <b>CURSOS BÁSICOS E MEDIOS DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA GALEGA PARA O PERSOAL DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS DE GALICIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED104F</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DO SOLICITANTE**

APELIDOS		NOME		DNI	
CORPO, ESCALA OU PRAZA			GRUPO		Nº DE REGISTRO DE PERSOAL
CLASE DE PERSOAL			CENTRO DE DESTINO ACTUAL		
ADMINISTRACIÓN			ENDEREZO DO POSTO DE TRABALLO ACTUAL, (RÚA E Nº)		
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELF. OFIC. (EXT)	FAX	
ENDEREZO PARTICULAR (RÚA E Nº)			LOCALIDADE		
PROVINCIA			CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	

**DATOS DO CURSO SOLICITADO**

NIVEL DO CURSO		
ORDE DE CONVOCATORIA	Nº DE DOG	DATA DE PUBLICACIÓN
LUGAR DE CELEBRACIÓN	DATAS	HORARIO

**INFORME DO/DA XEFE/A DO CENTRO DIRECTIVO**

VISTA A SOLICITUDE PRESENTADA E O INTERESE PARA O SERVICIO, EMITESE INFORME

FAVORABLE                       DESFAVORABLE

SOBRE A ASISTENCIA Ó CURSO ANTES CITADO

LUGAR E DATA \_\_\_\_\_

SINATURA E SELO DO ÓRGANO INFORMANTE

ASDO.: \_\_\_\_\_

**SELECCIÓN**

VISTA A SOLICITUDE PRESENTADA POLO/A INTERESADO/DA, A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA RESOLVEU

SELECCIONALO/A                       NON O/A SELECCIONAR

PARA ASISTIR Ó CURSO ANTES CITADO

LUGAR E DATA \_\_\_\_\_

SINATURA E SELO DO ÓRGANO INFORMANTE

ASDO.: \_\_\_\_\_

LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 26 de decembro de 2003 pola que se anuncian cursos básicos e medios de linguaxe administrativa galega para o persoal das administracións públicas de Galicia.*

## CURRICULUM DO/DA SOLICITANTE

## 1.- DATOS ADMINISTRATIVOS

DATA DE INGRESO NA ADMINISTRACIÓN		DATA DE INGRESO NA ADMINISTRACIÓN ACTUAL	
<b>DATOS DO POSTO DE TRABAJO ACTUAL</b>			
DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABAJO ACTUAL			DATA DE NOMEAMENTO
CENTRO DIRECTIVO		NIVEL	

## 2.- ESTUDIOS REALIZADOS

TÍTULO OU CERTIFICADO ACADÉMICO	CENTRO	DURACIÓN	DATA DE EXPEDICIÓN

## 3.- CURSOS REALIZADOS DE INTERESE PARA A ADMINISTRACIÓN (AGÁS OS DE GALEGO)

DENOMINACIÓN	ORGANISMO QUE O CONVOCA	ANO DE REALIZACIÓN

## 4.- DECLARACIÓN

<p>DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE :</p> <p>1.- QUE SON CERTOS TÓDOLOS DATOS QUE FIGURAN NA PRESENTE SOLICITUDE .</p> <p>2.- QUE NO NÚMERO 3 ESTÁN RELACIONADOS TÓDOLOS CURSOS REALIZADOS DE INTERESE PARA A ADMINISTRACIÓN. (CURSOS QUE SE VALORAN COMO MÉRITO NOS CURSOS POLAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS)</p> <p style="text-align: center;">_____, ____ de _____ de _____</p> <p style="text-align: center;">SIGNATURA DO/DA SOLICITANTE</p>
--

*Director da Escola Galega de Administración Pública*

*Polígono das Fontiñas. Rúa de Madrid, 2-4, 15707 Santiago de Compostela*

*Orde do 26 de decembro de 2003 pola que se anuncia a convocatoria de encontros e actividades de formación e de intercambios de experiencias para os responsables e os compoñentes dos equipos de normalización lingüística, e para o profesorado en xeral, dos centros de ensino non universitario públicos, privados e privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia.*

A Lei 3/1983, de normalización lingüística, encoméndalles ás autoridades educativas que tomen as medidas oportunas para promove-lo uso progresivo do galego no ensino. Ese uso debe contribuír a que os alumnos do ensino non universitario vaian acabando os distintos ciclos cun dominio similar de galego e de castelán.

Entre as medidas que a Administración educativa está levando a cabo figuran a formación do profesorado en lingua galega e a constitución dos equipos de normalización lingüística nos centros educativos. Estes equipos, actualmente regulados polo disposto no Decreto 324/1996, do 26 de xullo, e no Decreto 374/1996, do 17 de outubro (*Diario Oficial de Galicia* do 9 de agosto e do 21 de outubro, respectivamente), teñen como función principal a de potencia-lo uso da lingua galega nos centros de ensino non universitario, e son os encargados de elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos establecidos polo centro en relación coa normalización do idioma e a cultura de Galicia.

Cómpre, entón, dinamiza-las actuacións deses equipos, promovendo a formación dos seus membros e o intercambio e a difusión das experiencias entre os distintos centros.